

O SER HUMANO

A función de nutrición

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

A función de nutrición é aquela mediante a cal obtemos, a partir dos alimentos, a enerxía necesaria para realizar actividades e os materiais de construción básicos para medrar e substituír as partes do noso corpo.

Os procesos implicados na nutrición son: a **dixestión**, a **respiración**, a **circulación** e a **excreción**.

1 Completa as seguintes frases sobre os procesos da nutrición.

- Mediante a nutrición obtemos os nutrientes dos alimentos.
- A respiración serve para obter o osíxeno do aire.
- As substancias de refugo que se xeran durante a nutrición expúlsanse do corpo mediante a excreción.
- Grazas á circulación, repártense por todo o corpo o osíxeno e os nutrientes e retíranse as substancias de refugo.

2 Une cada órgano co seu aparello e co debuxo correspondente.

